

EUTROPIO
(Escolma para a PAU)
Bloque 2 (2º trimestre)

2, 5. T. Quintio foi enviado en calidade de ditador contra os galos, que entraran en Italia. Asentáranse a 4 millas da cidade, na outra beira do río Anio. Alí L. Manlio, un mozo moi nobre entre os senadores, tras achegarse a un galo que o retaba a un combate singular, matouno; por quitarlle o torque e poñelo no seu pescozo, recibiu para sempre o alcume de Torcuato, para si mesmo e para os seus descendentes.

2, 21. No ano dos cónsules L. Manlio Vulsón e M. Atilio Régulo, a guerra trasladouse a África. Houbo combates navais contra Amílcar, xeneral dos cartaxineses, e este foi vencido: tras sufrir a perda de 64 barcos, retirouse. Os romanos perderon 22. Con todo, ó cruzar a África, conseguiron en primeiro lugar a rendición da comunidade de Clipea. Os cónsules avanzaron ata a mesma Cargago e, tras arrasar moitas fortificacións. Manlio regresou vitorioso a Roma e capturou 27.000 prisioneiros. Atilio Régulo quedou en África. Entrou en batalla contra os africanos. Venceu en combate a tres xenerais cartaxineses, matou 18.000 inimigos, capturou outros 5.000, xunto con dezaioito elefantes, e conseguiu a promesa de lealdade de 74 comunidades. Entón os cartaxineses, vencidos, pediron a paz ós romanos.

3, 14. Ós dez anos da chegada de Aníbal a Italia, no ano dos cónsules P. Sulpicio e Gn. Fulvio, Aníbal chegou a estar a catro millas da cidade, e a súa cabalería alcanzou mesmo as portas. Decontado, por temor ó exército dos cónsules, que se lle achegaba, Aníbal retirouse a Campania. Os dous Escipións, que resultaran vitoriosos durante moitos anos, foron mortos en Hispania por Asdrúbal, irmán de Aníbal. Con todo, o exército mantívose intacto.

3, 15. Mentres, foi enviado a Hispania, onde non había xeneral ningún tras a morte dos dous Escipións, P. Cornelio Escipión, fillo de P. Escipión, o mesmo que estivera a cargo da guerra na propia Hispania. Tiña 24 anos, e case foi o home máis sobranceiro entre todos os romanos, tanto da súa época como das posteriores. Conquistou a Cartago de Hispania, na que os africanos tiñan ouro, prata, e toda clase de material bélico. Tomou como reféns persoas moi principais, que os cartaxineses colleran de entre os hispanos; e tamén capturou a Magón, irmán de Aníbal, a quen enviou a Roma cos demais. En Roma houbo unha inmensa ledicia despois desta nova.

4, 16. Naquel tempo Metelo levou a cabo importantes fazañas en Celtiberia, na terra dos hispanos. Sucedeuno Q. Pompeio. Non moito máis tarde, tamén foi enviado a aquela mesma guerra Q. Cepión, porque un tal Viriato actuaba contra os romanos en Lusitania. Debido ó medo que esta medida provocou, Viriato foi asasinado polos seus propios homes: causara problemas ós romanos en Hispania durante catorce anos. Nos seus inicios fora un pastor, e logo o líder dunha banda de ladróns. Á fin, levou tantos pobos á guerra, que chegou a ser considerado como o defensor de Hispania contra os romanos. Cando os seus asasinados foron pedir unha recompensa ó cónsul Cepión, respondéuselles que ós romanos nunca lles gustara que os xenerais fosen asasinados polos seus propios soldados.

6, 12. Mentres isto sucedía, os piratas infestaban todos os mares, de tal xeito que para os vitoriosos romanos non existía unha soa ruta marítima segura en todo o mundo. A guerra contra eles foille encomendada a Gn. Pompeio, guerra á que puxo fin en poucos meses, con enorme celeridade e éxito. Deseguida, foi posto á fronte da guerra contra os reis Mitrídates e Tigranes. Así que asumiu o mando, venceu a Mitrídates en Armenia Menor, nunha batalla nocturna. Arrasou o seu campamento e matoulle 40.000 soldados; do seu propio exército só perdeu vinte soldados e dous centurións. Mitrídates fuxiu coa súa esposa e dous acompañantes.

FEDRO
(Escolma para a PAU)
Bloque 2 (2º trimestre)

3, 17. As árbores baixo a tutela dos deuses

Hai tempo, os deuses elixiron as árbores
que querían poñer baixo a súa tutela. O carballo
agradou a Xúpiter, o mirto a Venus, a Febo o loureiro,
o piñeiro a Cibeles, e o ergueito ameneiro a Hércules.
Minerva, sorprendida, preguntoulles por que collían
as que non daban froito. Xúpiter díxolle o motivo:
“Para que non pareza que vendemos a honra polo froito”.
“Por Hércules, que cadaquén pode dicir o que queira,
que para min a oliveira é a máis grata polo seu froito”.
E daquela respondeu o pai dos deuses e sementador dos humanos:
“Ai, filla, con razón todos te chaman sabia!
Se non é útil o que facemos, a loanza é estúpida”.
Esta fábula aconsella non facer nada que non sexa de proveito.

4, 3. A raposa e as uvas

Unha raposa, forzada pola fame, intentaba coller
unha uva dunha alta viña saltando con todas as súas forzas.
Despois de non poder alcanzala, dixo, mentres marchaba:
“Aínda non está madura: non quero tomala amarga”.
Quen adorna con palabras o que non dá feito,
deberá aplicarse este exemplo.

4, 10. Os defectos da humanidade

Xúpiter púxonos dúas alforxas:
colocounos no lombo unha ateigada dos defectos propios,
e do peito pendurounos outra cargada cos alleos.
Por esta razón non podemos ver as nosas eivas,
pero así que os demais erran, criticámoslos.